

BANDO

III Xornadas de Cultura Mariñeira

“Muros Mira ao Mar”

Estimados veciños e veciñas, nos días 6, 7, 8 e 9 de xullo desenvolveranse as III Xornadas de Cultura Mariñeira “Muros Mira ao Mar”, Con tal motivo, e xunto a un variado programa de actividades, desenvolverase o II Mercado Mariñeiro Tradicional.

Queremos convidarvos a convertirvos nos principais protagonistas deste evento, que neses días mostremos con orgullo a nosa Vila e o noso apego ao mar a cantas xentes viñeran visitarnos.

Por iso solicitamos a vosa colaboración, engalanando as vosas casas e negocios con motivos mariñeiros, e axeitando a vosa vestimenta aos usos de principios do século XIX, é dicir os homes pantalón escuro e camisa branca ou azul, e as mulleres saia longa e fruncida e camisa ou chamma branca. Tamén pregamos a vosa colaboración na divulgación deste evento e convidades a parentes e amigos a visitarnos neses días e obsequieades aos visitantes coa hospitalidade que nos caracteriza.

Agradecendo de antemán a vosa colaboración e agardando que disfrutedes dunhas boas festas.

En Muros, 1 de xuño de 2006

Caridad González

Alcaldesa de Muros

Xosé Ramón Farinós

Concelleiro de Cultura

